

PROCESO DE RESERVA DE PRAZA PARA O INSTITUTO

A partir do mércores 17 de xaneiro comeza o prazo para presentar as solicitudes de reserva de praza para o vindeiro curso escolar 2024/2025 dos **alumnos de 6º de Primaria** para o noso centro de adscrición, que é o **IES Xesús Taboada Chivite**. As familias poderán realizar a solicitude de reserva de praza a través dalgunha das seguintes opcións:

1. Entregar a solicitude debidamente cumprimentada na Secretaría do Centro. Para isto, pódese cubrir a solicitude a man ou no ordenador tras descargala neste enlace: [galego – castelán](#).
2. Cubrir a solicitude telematicamente a través da aplicación **ADMISIONALUMNADO** e asinala en Sede Electrónica (necesario dispor de certificado dixital ou Chave365).
3. Cubrir a solicitude de forma telemática a través da aplicación informática **ADMISIONALUMNADO**, no enderezo electrónico www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/, seguindo a seguinte ruta:

Solicitudes > Reserva > Crear

IMPORTANTE: Se esta última é a opción elixida, **DEBERÁN PRESENTAR ASINADA** igualmente **no centro a solicitude co código** xerado pola aplicación unha vez cuberta, para que no centro poidamos recuperar e xestionar a devandita solicitude de cara ao centro de destino. Se non se aporta a solicitude co código, a reserva NON será efectiva.

- PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: do **17 de xaneiro ao 5 de febreiro**
- MODO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

As solicitudes poderán ser entregadas aos respectivos titores pol@s nen@s, sendo esta a canle preferible de presentación presencial. No caso de que a presentación sexa a través dunha persoa diferente ao alumnado, deberá entregarse **EXCLUSIVAMENTE na secretaría** do centro.

Horario para a presentación presencial de solicitudes na secretaría do centro por unha persoa diferente ao alumnado:

DE LUNS A VENRES DE 9:00 A 13:30

NOTA: Lembramos que este proceso de reserva de praza vai soamente dirixido ao alumnado que solicite praza para o IES Xesús Taboada Chivite (o noso centro de adscrición). **No caso de querer solicitar praza nun centro diferente ao adscrito, recordamos que esa solicitude deberá presentarse no centro desexado durante o proceso ordinario de admisión de alumnado, comprendido entre o 1 e o 20 de marzo.**